

XORNADA MUNDIAL polo TRABALLO DECENTE

7 DE OUTUBRO DO 2025



CCOO, xunto co movemento sindical europeo e internacional, celebra este 7 de outubro a **Xornada Mundial polo Traballo Decente**, e faino esixindo unha **democracia** que priorice os **dereitos laborais**, a **xustiza social** e a **igualdade**.

Rexeitamos o xeito en que as grandes corporacións e persoas multimillonarias se apropian das políticas públicas, perpetuando a precariedade, a desigualdade e a deterioración das condicións de vida.



XORNADA MUNDIAL polo TRABALLO DECENTE

CCOO reclama un novo contrato social para España e para o mundo. Apoiamos un modelo de democracia que coloque o traballo decente no centro, garantindo paz, xustiza e igualdade. Por iso no Cumio Social Mundial de 2025, os gobernos deben comprometerse a combater as causas da desigualdade, os conflitos e a fragmentación social, promovendo políticas que sirvan ás persoas traballadoras, non aos intereses duns poucos.

O informe *Empresas que socavan a democracia 2025*, da Confederación Sindical Internacional (CSI), pon en evidencia como grandes empresas, multimillonarios e sectores armamentísticos alimentan guerras, división e represión, mentres precarizan salarios e condicións laborais. Estas prácticas consolidan un sistema económico que beneficia as elites á custa das persoas traballadoras e o medio ambiente.

CCOO, coa Confederación Europea de Sindicatos (CES), propón medidas concretas para garantir o traballo decente en España e Europa:

- 1 **Directiva de transición xusta que protexa os traballadores e traballadoras** nos procesos de descarbonización e dixitalización, asegurando formación e empregos de calidade.
- 2 **Regulación da subcontratación** para garantir responsabilidade nas cadeas de subministración e limitar a precariedade laboral.
- 3 **Directiva contra os riscos psicosociais e o acoso laboral**, incluíndo ambientes dixitais, para protexer a saúde mental das persoas traballadoras.

- 4 **Regulación da intelixencia artificial no traballo**, para garantir o principio de «control humano» que evite a deshumanización dos procesos laborais.
- 5 **Directiva sobre teletraballo e o dereito á desconexión**, promovendo un equilibrio real entre vida laboral e persoal.
- 6 **Fortalecemento da negociación colectiva**, como pilar da democracia no traballo, para mellorar condicións laborais e reducir desigualdades.
- 7 **Contratación pública responsable** que priorice empresas comprometidas cos dereitos laborais e o traballo decente.
- 8 **Fin da precariedade laboral mediante a promoción de contratos indefinidos**, a prohibición de contratos de cero horas e a garantía dun tempo de traballo mínimo.

Desde **CCOO** chamamos as traballadoras e traballadores de España a unirse a esta loita global polo traballo decente.

Esiximos unha democracia que responda ás necesidades da maioría, que garanta dignidade, igualdade e xustiza.

**POLO TRABALLO DECENTE
POLA DEMOCRACIA
POLA XUSTIZA SOCIAL**

